

# Buscando a seguridade alimentaria, ou a soberanía?

*Lara Barros Alfaro*

## Un panorama inseguro

---

**I**ndubidablemente, a fame é unha das grandes protagonista do novo milenio. As súas cifras e consecuencias seguen debuxando un panorama desolador, xa non só polo seu tamaño senón polo seu imparable crecemento. A FAO, no seu Informe sobre a Inseguridade Alimentaria no Mundo do 2004<sup>(1)</sup>, anuncia que o número de persoas desnutridas entre o 2000 e o 2002 se elevou a 852 millóns, 10 millóns máis que no ano anterior. En termos absolutos, dúas terceiras partes das persoas que non teñen alimentos suficientes viven no sur e este asiático (especialmente en China e India), e un cuarto na África subsahariana; aínda que se esta realidade se pon en termos relativos (en proporción á poboación de cada zona), a inseguridade alimentaria está máis estendida no segundo caso que no primeiro, onde si se rexistraron retrocesos das cifras da fame.

Por outra banda, América Latina ten máis de 60 millóns de persoas desnutridas, e os números seguen sumando en Oriente Medio e o norte de África. E, por se fose pouco, aínda que a fenda entre o norte e o sur é acusada, nos estados ricos, abandeirados polos seus índices de crecemento económico, tampouco escapan ao fenómeno da fame: 9 millóns de persoas padecen desnutrición nos países industrializados.

Os datos son arrepiantes e a súa radiografía amosa dúas tendencias clave: por unha parte, tres cuartas partes das persoas gravemente desnutridas constitúen poboación rural e campesiña, e unha cuarta parte habitan os arrabaldes que se amorean ao redor das megalópoles do sur; pola outra, a pesar de que non hai datos desagregados por xénero, dende as organizacións internacionais recoñécese que un número moi significativo da poboación empobrecida son mulleres<sup>(2)</sup>.

Con todo isto, a inseguridade alimentaria convértese nunha cuestión que afecta a toda a humanidade; e aínda que o seu principal elemento de preocupación sexa a fame pola gravidade das cifras, escándalos como o das vacas tolas, a peste porcina ou a gripe aviaria, así como a progresiva introdución da biotecnoloxía na produción de alimentos a través do OGM, abren outro tipo de debates en que a

---

(1) A Organización das NNUU para a Agricultura e Alimentación (FAO) publica anualmente informes que cuantifican e describen o mapa da fame no mundo; pódese consultar na páxina web <http://www.fao.org/>.

(2) Na Conferencia de Beijing das NNUU sobre o xénero e o desenvolvemento, recoñécese que a maioría dos 150.000 millóns de persoas que viven cun dólar ou menos ao día son mulleres e que a fenda que separa aos homes das mulleres inmersos na pobreza foise ampliando durante o último decenio. Dáse unha relación especial entre xénero e pobreza, o que ten levado a falar dunha auténtica feminización da pobreza.

inseguridade alimentaria tamén se relaciona co patrón de produción e consumo das sociedades enriquecidas.

O obxectivo deste artigo é achegarse aos diferentes enfoques que se encargan de analizar e dar respostas á problemática da fame e a desnutrición no mundo, que non só provoca a morte de millóns de persoas ao ano senón que tamén condena ao subdesenvolvemento físico e mental de quen a padecen de forma crónica, negándoselle a posibilidade de levar unha vida digna e de participar plenamente no desenvolvemento da súa sociedade.

### **Seguridade alimentaria: orixe e evolución do concepto**

---

A primeira vez que se falou de seguridade alimentaria na esfera pública foi na Conferencia Mundial sobre Alimentación de 1974 en Roma, e os cen países asistentes adoptan a *Declaración universal para a erradicación da fame e a malnutrición*. Nela concíbese a inseguridade alimentaria como unha simple carencia de alimentos, do cal se desprende que a súa principal causa é a falta de oferta de alimentos ante unha poboación en continuo crecemento.

En consecuencia, a multiplicación da produción de alimentos e o aumento da produtividade convértese nas liñas estratéxicas que deben seguir estados e organismos internacionais de cara a reducir o número de persoas que sofre fame e desnutrición no mundo. Nesta mesma liña, o ano seguinte da Conferencia, créase o Comité de Seguridade Alimentaria Mundial para velar polo cumprimento dos compromisos asumidos.

Non obstante, a década dos oitenta deixa pouco espazo para ser optimistas en canto ao alcance e os resultados das estratexias fixadas. As crises de fame asolan ao continente africano e a pobreza convértese nun valor en alza alí onde os plans de desenvolvemento do Banco Mundial e os plans de axuste estrutural do Fondo Monetario Internacional marcaran a axenda do progreso e o desenvolvemento económico. Os feitos parecen demostrar que os enfoques de loita contra a fame adoptadas con anterioridade eran limitadas, xa que en moitas ocasións se producen situacións de inseguridade alimentaria en contextos en que hai produción de alimentos máis que suficientes.

Pouco a pouco, a práctica ensina que a seguridade alimentaria no ámbito nacional non implica automaticamente a seguridade alimentaria no ámbito individual e familiar, e, como sucede coas políticas de desenvolvemento, os suxeitos clave xa non deben ser os estados senón as persoas. O concepto da seguridade alimentaria tórnase máis complexo e pasa a entenderse non como o simple acceso á produtos alimentarios senón como un acceso durable e garantido que, a longo prazo, implicaría un necesario cambio nas estruturas económicas e sociais que rodean á alimentación.

Cos debates de fondo das décadas anteriores, no ano 1996, ante as alarmantes cifras da fame que se amoreaban ás portas do novo milenio, a Organiza-

ción das NNUU para a Agricultura e a Alimentación (FAO) convoca o primeiro Cumio Mundial sobre a Alimentación, que reúne en Roma a representantes de 185 estados. Nos debates que teñen lugar durante tres días, recoñécese que a fame e a desnutrición son unhas das principais protagonistas do escenario mundial e que, ademais do elevado das cifras, un agravante paradoxal é que o mundo actual ten a capacidade para alimentar incluso ao dobre da poboación que tiña nese momento. Afíanzase a idea de que non se trata, polo tanto, dun problema de falta de produción, senón de distribución.

Como resultado máis visible deste Cumio, aprobáronse dous documentos base sobre os que deberían pivotar as políticas nacionais e internacionais de erradicación da fame, que terían como obxectivo global reducir a fame no mundo á metade para o 2015. Isto é: no momento do cumio, os números da fame roldan os 800 millóns e, polo tanto, para o ano meta debería quedar reducidos a 400 millóns, o que suporía unha redución da persoas que padecen fame e desnutrición progresiva de 20 millóns por ano<sup>(3)</sup>.

Dito obxectivo pasa a considerarse tan imprescindible, que se integra na Declaración do Milenio como o primeiro dos oito Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio aprobados pola Asemblea das NNUU en setembro do ano 2000. Obxectivos que pretenden marca unha axenda global de desenvolvemento, que serva tanto de orientación como de baremo das políticas de desenvolvemento deseñadas a nivel nacional e internacional.

Os compromisos adoptados quedan plasmados na Declaración de Roma sobre a Seguridade Alimentaria Mundial<sup>(4)</sup>, na cal se explica a vontade compartida de que se acade a seguridade alimentaria a nivel individual, familiar, nacional, rexional e mundial, implicando a todos aqueles organismos públicos e privados relacionados co tema en todos e cada un dos diferentes niveis de actuación. Redefínese a seguridade alimentaria como o “acceso físico e económico a suficientes alimentos inocuos e nutritivos para satisfacer as necesidades alimenticias das persoas e as súas preferencias en canto aos alimentos ao fin de levar unha vida activa e saudable”.

A diagnose dos 185 xefes de estado reunidos en Roma sinala a pobreza como a principal causa da inseguridade alimentaria, detrás da cal sitúan os conflitos armados, o terrorismo, a corrupción e a degradación do medio. Verifícase tamén o perfil maioritariamente rural da pobreza e que nos casos en que presenta unha aparencia urbana, vilas-miseria, esta é resultado do éxodo rural masivo cara ás grandes cidades, que son incapaces de absorber tantas cantidades de man de obra.

---

(3) No último Informe sobre a Inseguridade Alimentaria do Mundo (2005), a FAO recoñece que a lentitude dos progresos fai cada vez máis difícil alcanzar os obxectivos cara o 2015; ademais, ao preverse que a poboación mundial creza nuns 2.000 millóns de persoas para dito ano, incluso se se reduciuse á metade a proporción de persoas desnutridas, case 600 millóns seguirían padecendo fame crónica. Para alcanzar o obxectivo, polo tanto, de reducila a 400 millóns a proporción da poboación desnutrida debería reducirse non á metade senón en dous terzos.

(4) Todos os documentos aprobados nos Cumios Mundiais sobre Alimentación poden consultarse na páxina web <http://www.un.org/spanish/esa/devagenda/food.html>.

Apoiándose nesta interpretación da problemática da fame, acórdase un Plan de Acción en que se recollen compromisos de cara ao futuro relacionados co impulso do comercio como motor de desenvolvemento, un comercio entendido en termos máis xustos que o actual, que posibilitaría a obtención de rendas por parte dos estados do sur e a suposta mellora da súa poboación.

Con menos forza, no Plan de Acción tamén se fan referencias a cuestións como o alivio da débeda externa, que en moito países está directamente relacionada coa inseguridade alimentaria por que os seus gobernos sacrifican a política social para o pago dunha débeda cada vez máis asfixiante, ou á necesidade de crear programas de axuda alimentaria máis forte para facer fronte ás situacións de crises de fame periódica que atacan a moitos países da África subsahariana.

Aínda que matizado coa introdución da necesidade de revitalizar o desenvolvemento rural ou de mellorar as condicións sociais e económicas para facilitar o acceso aos alimentos, o núcleo duro do acordado segue implicando a necesidade de crecemento económico, o aumento da produción de alimentos e a liberalización do comercio, como receitas globais contra a fame e a pobreza. E todo isto a levar a cabo a través de medidas a nivel nacional, intergubernamental e interinstitucional, vixiadas polo Comité de Seguridade Alimentaria Mundial, dependente da FAO.

No ano 2001, reúnese de novo o Cumio Mundial sobre a Alimentación, esta vez baixo o título de *Cinco anos despois*. De entrada, tómase nota da escasa incidencia do Plan de Acción anterior e da urxente necesidade de multiplicar os esforzos para a súa consecución. Dende 1996, a taxa anual media de redución do número de persoas desnutridas no mundo foi de oito millóns, o que leva a que, si se mantén esta tendencia, non se alcance o obxectivo de reducir o número de persoas desnutridas á metade para o ano 2015.

Ademais, séguese mantendo que a grande maioría das persoas empobrecidas e que viven en situación de inseguridade alimentaria viven en zonas rurais (o 70%) e dependen case totalmente da agricultura e o desenvolvemento rural para a súa subsistencia, así como, rexístrase un imparable incremento do número de habitantes afectados pola fame e a desnutrición en zonas urbanas.

Unha vez máis, afirmase o compromiso dos estados presentes en erradicar a fame, e as receitas seguen xirando derredor do crecemento económico, do aumento da produción, do libre comercio como mecanismo de distribución e un desenvolvemento rural encabezado pola agroindustria e a *modernización tecnolóxica*, que deixa a porta aberta a utilización de OGM. E nace de aquí, a iniciativa de crear unha Alianza Internacional contra a Fame, activa a día de hoxe, que se descompón en diversas alianzas nacionais e rexionais.

O concepto de seguridade alimentaria, polo tanto é o resultado do modelo de desenvolvemento hexemónico, que deixa que a alimentación se insire no mercado mundial e se regule mediante a oferta e a demanda, e as estratexias que se implementan consisten en axudar aos estados empobrecidos para que adopten as reformas

estruturais que o fagan posible. Un modelo agroexportador, no que os países empobrecidos centren a súa actividade agropecuaria na produción para a exportación, o que lle permitiría obter divisas para comprar no mercado internacional aquilo que necesitan e non producen.

## **Fame e comercio internacional**

---

Durante moito tempo, o comercio de produtos agrarios e alimentarios quedou excluído dos acordos de libre comercio que dende a creación do GATT no 1948<sup>(5)</sup>, se van sucedendo en prol da progresiva supresión dos aranceis e as medidas proteccionistas do comercio entre os estados.

Coa creación da Organización Mundial do Comercio no 1995, que pasa a suceder o GATT coa intención de alcanzar unha maior liberalización do comercio internacional, introdúcense os Acordos sobre Agricultura que prevén a progresiva liberalización da produción agropecuaria, e que xa viñan sendo negociados dende o 1986 a través da chamada Rolda Uruguai.

Dende algunhas esferas, especialmente aquelas nas que se integran os países do sur liderados polas súas potencias rexionais: Brasil, India, Sudáfrica (que compoñen o chamado G-3), reclaman a apertura dos mercados do norte á súa produción agropecuaria para equilibrar as inxustas relacións que a día de hoxe dominan o comercio internacional.

Despois de décadas de progresiva supresión dos aranceis das diferentes manufacturas, os estados do sur foron outorgando cada vez maior grao de aperturas as súas economías; ao darse a *casualidade* de que a produción manufactureira era o eido por excelencia dos países ricos, estas medidas serviron para incrementar os fluxos comerciais no seu beneficio. O desequilibrio comercial que se reflexa, xa é un vello coñecido: materias primas por manufacturas.

Partindo do anterior, moitos estados do sur comezan a organizarse e a crear grupos de presión (o G-3, ou con máis países o G-22 e o G-90) para ter un maior poder de negociación nas grandes reunións internacionais como son as conferencias bianuais das OMC<sup>(6)</sup>. A liberalización dos mercados agropecuarios comeza a resoar cada vez con máis forza na opinión pública internacional, vista como fórmula imprescindible de solidariedade cos países menos *desenvolvidos*.

Unha vez que os estados ricos están inmersos no mercado internacional e teñen libre acceso aos mercados dos países do sur, é de xustiza pensar que os países do sur teñen dereito a integrarse no mercado mundial e nos mercados dos países ricos a través dos que se supón a súa vantaxe comparativa, a produción agropecuaria. E esta integración lles suporía participar dos grandes beneficios do mercado

---

(5) Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio, incluído no sistema institucional de Bretton Woods dirixido a regular o desenvolvemento do comercio internacional.

(6) O seguimento das Conferencias das OMC e os seus debates poden consultarse na páxina web <http://www.wto.org/>.

internacional, o que se supón acabaría repercutindo no desenvolvemento e benestar das súas poboacións.

Os países ricos, EUA, UE e Xapón, á súa vez, aínda que manteñen a retórica do libre comercio e as súas increíbles bondades, manteñen unha férrea resistencia á apertura dos seus mercados agrícolas e alimentarios, porque suporía unha agresión aínda non asumible para o seu sector económico primario. Non en van, EUA e a UE son os protagonistas do comercio internacional de alimentos e produtos agrarios (que supón só o 10% da produción agropecuaria mundial), son os principais exportadores de cereais e grans, e teñen invadido incluso os mercados de países que son produtores por excelencia.

O instrumento fundamental que utilizan para manter este *status quo* e o que se coñece como *dumping*: subvencionar a súa produción agraria dirixida a exportación para que esta se podan inserir os seu grande excedente no mercado internacional a prezos máis baixos incluso que os custos de produción, deixando fóra de xogo ao resto da produción, incapaz de competir en semellantes condicións. Estratexia que complementan con barreiras arancelarias non formais como son o Codex Alimentario, as barreiras fitosanitarias, etc.

Este conflito de posturas é o grande protagonista dos debates internacionais que saltan a escena en cada conferencia da OMC, marcando a polémica que fixeron dos últimos encontros un fracaso (Cancún 2003, Hong Kong 2005)<sup>(7)</sup> e están pondo en cuestión a validez da propia OMC. Pero, é o libre comercio unha receita global para alcanzar o desenvolvemento e acadar unha seguridade alimentaria mundial?

Por moito que non se alcanzase unha liberalización da produción agropecuaria nos termos que se prevén dende as cláusulas da OMC, os países do sur, a través dos Programas de Axuste Estructural auspiciados dende o Fondo Monetario Internacional e aplicados a través de Banco Mundial, víronse obrigados xa dende moito antes do 1995 a introducir cambios importantes nas súas políticas agropecuarias e alimentarias; a través dos programas de axudas ao desenvolvemento achegados polas institución financeiras nomeadas a maioría dos estados do sur levaron e levan a cabo a apertura das súas economías á importación de alimentos a baixo prezo e limitaron drasticamente o soporte público ao seu sector agrario. Fenómeno tamén encadrado nos tratados de libre comercio bilaterais polos que aposta EUA, de costas dos plans multilaterais da OMC.

As consecuencias deste proceso xa son visibles. As importacións a baixo prezo que proveñen dos países ricos, especialmente EUA e a UE, que se liberan así do seu excedente, están causando impactos devastadores nas agriculturas locais dos países do sur, incapaces de facer fronte a semellante competencia. O modelo que impón a liberalización dos sectores agrarios é o agroexportador, polo cal se dá prioridade os cultivos destinados á exportación en detrimento da produción alimentaria

---

(7) A Rolda de Doha, chamada a rolda do desenvolvemento, acaba de ser sentenciada despois do conflito de posturas no seo na última conferencia da OMC en Hong Kong e as posteriores negociacións que intentaron chegar a un acordo sen resultados.

nacional, que pasan a depender en exceso da importación e das fluctuacións dos mercados internacionais para cubrir as necesidades da súa poboación.

Ao incentivarse a exportación, son as grandes empresas, principalmente transnacionais, e non os campesiños e campesiñas (unha grande maioría nos países empobrecidos), os que saen gañando. Facer fronte ao novo patrón agrario que require a exportación (industrialización da produción, novas tecnoloxías, grandes explotacións, etc) non está ao alcance de toda a poboación senón das elites agrarias (unha minoría) ou económicas que ceden os seus latifundios a poderosas transnacionais.

O resultado é nefasto, por un lado os beneficios da exportación son cada vez menos debido a caída sen freo no mercado internacional dos prezos de produtos básicos como o arroz, o azucre, o café ou algodón, e estes non se transforman en máis recursos para toda a poboación senón que se quedan en mans da elites; por outro, se acentúa a concentración das terras en poucas mans e se engrosan os monopolios.

A poboación campesiña de pequena e mediana produción, desprovista de respaldo público, ve cada vez máis difícil manter a súa agricultura de subsistencia e é presa dun progresivo empobrecemento. Cada vez contan con menos terras para cultivar, os seus mercados están inundados por produtos foráneos cos que non poden competir e aos acceden con dificultades xa que, aínda que teñan prezos baixos, non teñen renda para compralos<sup>(8)</sup>. Entran así nunha situación de progresivo empobrecemento que os leva ben a malvivir no campo, ben a incrementar a poboación urbana que vive nos barrios marxinais das grandes capitais. Non hai que esquecer que os e as traballadores rurais sen terras constitúen, segundo o Grupo de Traballo sobre a Fame do Proxecto do Milenio, constitúen o 22% das persoas que pasan fame no mundo<sup>(9)</sup>.

Con isto de fondo, non é estraño entender a aparente paradoxo da que falabamos ao principio: as cifras da fame e a desnutrición están compostas na súa grande maioría pola poboación campesiña dos países do sur; as e os supostos produtores de alimentos son os que atopan cada vez máis dificultades para alimentarse.

Se ademais temos en conta os custos medio ambientais, xa palpables a día de hoxe, que implica o modelo agroindustrial dirixido á exportación baseado na produción e a irrigación intensiva e na utilización xeneralizada de agroquímicos, podemos entender aínda máis o proceso de crise que están vivindo as economías rurais. A privatización dos recursos naturais e produtivos tales como a auga, a terra ou as sementes, incide no seu deterioro e limita a súa utilización a poucas mans, as das grandes corporacións económicas.

A pesar de todo isto, séguense mantendo os deseños macroeconómicos a liberalización do comercio como receita de desenvolvemento, baseando neles a axu-

---

(8) Durante a última crise de fame en Nixer, que saltou aos medios no verán do 2005, o problema principal non era a falta de cereal, que se amontoaba nos celeiros, senón que a poboación empobrecida (un 63%) non podía acceder a el debido ao seu prezo.

(9) Grupo de Traballo sobre a Fame do Proxecto do Milenio: *Halving Hunger by 2015: A Framework for Action. Interim Report*, Millennium Project, Nova Iorque, 1 de febreiro 2004.

da ao desenvolvemento dirixida cara os países empobrecidos. Dende logo, non fai falta ser moi suspicaz para entrever que algo anda errado nas propostas oficiais.

### **Outro achegamentos ao tema: a soberanía alimentaria**

---

#### **Concepto e orixe.**

En vista dos graves efectos negativos que as inxustizas e desigualdades do sistema mundial de comercio agrícola está tendo sobre a seguridade alimentaria, especialmente a dos países e as poboacións do sur, varios sectores da sociedade civil, principalmente campesiños e campesiñas, poñen en dúbida que o problema sexa a lentitude ou as dificultades de acadar unha liberalización comercial máis ampla; máis ben ao contrario, consideran a solución a aplicar o verdadeiro problema.

Como o concepto de seguridade alimentaria non considera aspectos relativos á produción ou á orixe dos alimentos, as organizacións campesiñas e as comunidades rurais que dan vida ao movemento internacional da *vía campesiña* comezan a reivindicar a soberanía alimentaria. No contexto de empobrecemento e marxinación do campesiñado mundial, especialmente o dos países do sur, a soberanía alimentaria reclama o dereito dos pobos e dos estados a definir a súa política agraria e alimentaria.

Este novo concepto pretende remarcar que a alimentación é unha cuestión de seguridade nacional, de soberanía nacional, e, polo tanto, non pode quedar á mercé do mercado internacional nin depender das importación dos excedentes agrícolas de terceiros países.

Deste xeito, unha parte significativa da poboación campesiña organizada, partindo do análise da súa propia realidade, formulan propostas alternativas que se someten por primeira vez a debate público no 1996 no encontro da sociedade civil paralelo ao Cumio Mundial sobre Alimentación celebrado en Roma. Dende ese momento, a reivindicación da soberanía alimentaria vai estendéndose e gañando apoios tanto no norte como no sur, que a leva a converterse cinco anos despois, no eixo central do Foro ONG/OSC sobre Soberanía Alimentaria, cumio alternativo ao II Cumio Mundial sobre Alimentación do 2002. Neste foro, defínese a soberanía alimentaria como: “o dereito de todos os pobos, comunidades e países, a definir as súas propias políticas en materia agrícola, laboral, de pesca, alimentación e terras, de maneira que resulten apropiadas ás súas circunstancias específicas dende un punto de vista ecolóxico, social, económico e cultural. A soberanía alimentaria inclúe o dereito real á alimentación e a producir alimento, o que significa que todas as persoas teñen dereito a unha alimentación segura, nutritiva e apropiada culturalmente, e aos recursos necesarios para producir alimentos e á capacidade para sustentarse a si mesmas e ás súas sociedades”<sup>(10)</sup>.

(10) Todos os documentos producidos polo Foro de ONG/OSC pódense consultar na páxina web: <http://www.foodsovereignty.org/new/>.

Na mesma liña, na Declaración sobre a Soberanía Alimentaria do Pobo elaborada pola Vía Campesíña, amplíase o concepto da seguinte maneira: “é o dereito de cada pobo a definir as súas políticas agropecuarias e en materia de alimentación, a protexer e regulamentar a produción agropecuaria nacional e o mercado doméstico co fin de chegar as metas do desenvolvemento sostible, a decidir en que medida queren ser autosuficientes, a impedir que os seus mercados se vexan inundados polos produtos excedentarios doutros países que os merquen no mercado internacional a prezos deslealmente baixos. A soberanía alimentaria non nega o comercio internacional, senón que defende a opción de formular aquelas políticas e prácticas comerciais que mellor sirvan aos dereitos da poboación para dispor de métodos e produtos alimentarios inocuos, nutrientes e ecoloxicamente sostibles”<sup>(11)</sup>.

A soberanía alimentaria xorde, polo tanto, como bandeira das persoas máis implicadas no proceso produtivo agropecuario que poñen en claro as causas do deterioro da seguridade alimentaria das súas comunidades, en íntima relación coa produción agroexportadora e a degradación medio ambiental. Queren que as súas denuncias sirvan como punto de encontro para a construción de modelos de desenvolvemento rural participativos, nos cales, o dereito das persoas e as comunidades á alimentación e á produción de alimentos, estean por riba dos intereses comerciais e empresariais; defenden un desenvolvemento baseado no apoio e a promoción dos mercados e os produtores locais fronte ao paradigma da exportación e o libre comercio.

### **Un modelo de alternativo de desenvolvemento**

---

Neste sentido, a soberanía alimentaria expón que a única solución a longo prazo para facer fronte á fame e á pobreza, é o desenvolvemento económico rural; un desenvolvemento que cree circuitos locais de produción e consumo, onde as familias campesíñas vendas a súa produción nos mercados locais e nacionais. Non se reclama o acceso ao mercado internacional nin aos mercados dos países enriquecidos para o que terían que entrar en competencia co tecido agrícola doutros países e cos xigantes empresariais.

Os/as defensores/ras da soberanía alimentaria entenden que a competencia global prexudica á grande maioría, que se ve inmersa nunha carreira de fondo pola disputa dos mercados en que só gañan os grandes produtores e as elites agrícolas.

Propónse unha agricultura que teña como motor ás familias campesíñas, pequenas e medianas unidades agrícolas, que produzan alimentos a partir duns sistemas de produción diversificada e agroecolóxica, máis sostibles e menos agresivos co medio, o que axudarían a manter a riqueza biolóxica e natural e a frear a degrada-

---

(11) Vía Campesíña: *Declaración sobre la Soberanía Alimentaria de los Pueblos*, sen data, pódese consultar en: <http://www.peoplesfoodsovereignty.org/>.

ción medio ambiental. Seguindo ditas estratexias, conseguiríase unha rede de economía rural que xeraría máis ocupación que a produción agroexportadora industrializada (que precisa de menos man de obra e esta é precaria e mal pagada), e sería máis fácil manter a seguridade alimentaria da poboación.

Coa idea fundamental do desenvolvemento rural sostible como cimento reivindicativo, os movementos pola soberanía alimentaria esixen toda unha serie de medidas para ir desmantelando o modelo produtivo agroexportador que está asfixiando ás economías campesiñas:

**-En primeiro lugar**, establécese a necesidade de garantir prezos xustos para a produción agraria propia a partir da protección dos mercados nacionais fronte a importación de produtos importados a prezos artificialmente baixos; prezos que deben ser estabilizados no mercado internacional a través de acordos internacionais tanto a través do control da produción como pondo freo ao poder monopolístico das grandes transnacionais e a súas visión da alimentación en tanto que negocio.

**-En segundo lugar**, vén fundamental que se regule o comercio internacional de produtos agropecuarios de forma que non sexa o vector que marque as pautas de produción e distribución de alimentos, senón que pase a un nivel secundario de complementariedade para conseguir aquilo que non se pode producir nacionalmente.

**-En terceiro lugar**, pídesse a eliminación dos subsidios agrícolas que os países ricos dan a súa industria agroexportadora e que provoca a caída dos prezos no mercado internacional; con todo, cren que as axudas estatais non se deben eliminar senón reorientarse para apoiar as actividades produtivas das familias e as comunidades, co fin de potenciar o seu papel e asegurar o control e a produción local de alimentos.

**-En cuarto lugar**, reclámase o acceso equitativo aos recursos naturais e produtivos: terra, auga, bosques, zonas de pesca, etc, para que o seus beneficios sexan redistribuídos e a súa explotación equilibrada e sostible. Píden a reforma agraria, a protección das sementes fronte o proceso de privatización en mans das compañías transnacionais da industria bioxenética (legalizado polos dereitos de propiedade intelectual enmarcado nos acordos da OMC), o recoñecemento da auga como ben público, etc.

**-En quinto lugar**, a OMC debería desistir no seu empeño por alcanzar a liberalización agropecuaria; algo tan fundamental para a vida humana como a agricultura e a alimentación, debe quedar fóra dos círculos liberalizadores e privatizadores que se moven unicamente pola obtención do máximo beneficio, e de organismos verticais e pouco democráticos, dominados por grandes intereses económicos, como é o caso da OMC. Para tratar o tema a nivel internacional, apélase a organismos onde haxa unha maior representación de todos os estados, como é o caso das NNUU e as súas axencias.

A soberanía alimentaria preséntase, ademais, como unha forma de protexer a agrobiodiversidade e o equilibrio ecolóxico, pero tamén as identidades culturais das

comunidades rurais, enraizadas na súa diversidade e tradicións, o que pasaría, por exemplo, polo recoñecemento dos pobos indíxenas e os seus dereitos comunais. Deste xeito, enténdese que os alimentos teñen dimensións multidimensionais máis alá da mera satisfacción das necesidades biolóxicas; non só son o sustento da vida humana, senón que dende sempre foron portadores de cultura e de identidade, en relación a súa riqueza e diversidade, xa que ao redor deles se ven articulando a agricultura, a saúde e ata a organización política das sociedades agrarias.

Unha parte importante das reivindicacións da soberanía alimentaria, pasan tamén polo recoñecemento do papel das mulleres na produción de alimentos e a necesidade de promover a igualdade de acceso aos recursos produtivos e ao seu control; non hai que esquecer que un 1% da propiedade a nivel mundial está en mans de mulleres e, así e todo, son elas as responsables nunha maior medida da seguridade alimentaria das súas familias e comunidades.

A clave da soberanía alimentaria é, polo tanto, un modelo de desenvolvemento definido polos seus actores principais, con sistemas participativos a través dos cales as mulleres e homes podan decidir que producir, como facelo e con que alimentarse; e as políticas estatais deben organizarse de tal xeito que contribúan a fortalecer este dereito e aseguren a participación dos pobos na articulación das política agraria.

### **Unha aproximación de posturas: o dereito á alimentación**

---

Apoiándose no artigo 25 da Declaración dos Dereitos Humanos e no preámbulo tanto do Pacto Internacional polos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais como no Pacto Internacional polos Dereitos Cívís e Políticos, o Consello dos Dereitos Humanos das NNUU define o dereito á alimentación como o dereito a ter acceso, individual e colectivamente, de forma regular e permanente a unha alimentación nutritiva e suficiente cuantitativa e cualitativamente, e aos medios necesarios para produci-la, correspondéndose coas tradicións culturais de cada poboación e que garanta unha vida física e psíquica satisfactoria e digna.

O recoñecemento da alimentación como un dereito humano implica a obrigatoriedade do seu cumprimento, tanto dende os estados como dende os organismos internacionais e os entes privados relacionados coa produción e distribución de alimentos. Neste sentido, o relator especial das NNUU para o dereito á alimentación, tanto nos relatorios da súas misións especiais en distintos países como nos seus informes xerais, insta a estados, organismos internacionais e empresas de alimentación a cumprilo e abandonar aquelas práctica que estean incidindo negativamente sobre el.

Nesta liña, proclama a necesidade de que haxa unha maior vontade política real, que faga dos acordos internacionais saídos dos cumios mundiais sobre alimentación unha realidade para que se camiñe en prol dun desenvolvemento agrícola e

rural sustentable e destinado a dar soporte e mellorar os medios de vida dos grupos máis pobres e vulnerables e impleméntense programas para mellorar o acceso directo das persoas máis necesitadas á alimentación.

Pero, ao mesmo tempo que induce ao cumprimento dos acordos internacionais relacionados co dereito á alimentación, o relator especial reconece a necesidade de buscar fórmulas alternativas ante o fracaso das políticas oficiais, que fai que a fame e a desnutrición aumente cada ano e debuxe un cru destino ao primeiro dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio cara ao 2015. Neste senso, no seu Informe sobre o Dereito á Alimentación do 2004, recolle a reivindicación da soberanía alimentaria, reconece a súa pertinencia e viabilidade, e afirma que o dereito á alimentación constitúe unha importante base legal para loitar por ela<sup>(12)</sup>.

Dende o Alto Comisionado das NNUU para os Dereitos Humanos faise así eco da necesidade de tomar en conta ás sociedades civís e ás comunidades campesiñas máis afectadas polo empobrecemento e a fame, para que sexan as protagonistas principais do seu desenvolvemento; un desenvolvemento participativo e endóxeno, en que as iniciativas circulen de abaixo a arriba para que os/as que mellor coñecen a súa realidade expoñan as súas necesidades e estratexias e estas involucren aos seus estados e aos organismos internacionais nos que están presentes.

O desenvolvemento tamén ten que ser, ante todo, democrático, e non imposto dende as altas esferas. Esperemos que os entes nacionais e internacionais que marcan as políticas de desenvolvemento e seguridade alimentaria tomen exemplo do Alto Comisionado, e que, aínda que sexa xa difícil cara o 2015, podamos dar a volta aos números da fame e a desnutrición, consecuencias dun mundo aínda moi marcado polas inxustizas e as desigualdades.

---

*Lara Barros Alfaro é analista do Igadi.*

---

(12) ZIEGLER, Jean: *Los Derechos Económicos, Sociales y Culturales. El Derecho a la Alimentación*, Informe do Consello Económico e Social das NNUU, 9 de febreiro do 2004.